

DOSIER MIUDIÑO

Xogo e cultura para naturalizar a infancia



ÍNDICE

CÉ ORQUESTRA PANTASMA (home orquestra)	3
PATIOS DE ESCOLAS	4
ESPAZOS DE XOGO	5
OBRADOIROS	6
EDUCACIÓN AMBIENTAL	7
XOGOS E XOGUETES	8
EDITORIAL	9

MIUDIÑO S. COOP. GALEGA

A Cooperativa Miudiño nace do mundo da ilusión e dos soños, alimentada de tres grandes paixóns: a infancia, a natureza e o patrimonio cultural, que combinados entre sí van dando vida a todo o que facemos: música, xogos e xoguetes, obradoiros, contos, modificación de patios de escolas e educación ambiental.

Apostamos por unha vida sostible e consciente, promovendo o achegamento á natureza e ao xogo libre como base dunha nova sociedade.



CÉ ORQUESTRA PANTASMA

Home Orquestra

Dende o verán de 2008 Cé orquestra pantasma leva percorrendo o máis variado panorama festeiro galego e portugués.

Espectáculos infantís

FÍOS DO QUERER

Dedicado aos máis pequenos (0-5 anos), espectáculo baseado no libro disco *Fíos do querer* que combina música, baile e exploración musical.

A VOAR

Espectáculo divertido, dinámico e participativo baseado no conto da xoaniña Xoana, un canto ás necesidades de liberdade, movemento e xogo libre dos nenos e nenas.

A XOGAR, CANTAR E BAILAR

Espectáculo xenial que conta como houbo un tempo no que Cé foi quen de aprender a linguaxe dos animais, sendo moitas as aventuras e desventuras que estes lle contaron.

O XOGUETEIRO

Apoiándose na figura dun xogueteiro ambulante, Cé orquestra pantasma invítanos a coñecer os xogos e xoguetes Miudiño a través da música, o baile e o posterior espazo de xogo.

AS BRINCADEIRAS MIUDIÑAS

Creación, xogos e música para todas as idades: un espazo e un tempo para gozar cantando, bailando, xogando e creando con Cé orquestra pantasma.

Espectáculos para o público xeral

CÉ ORQUESTRA PANTASMA tamén en festas, romarías e festivais...orixinal, versátil e divertido.





PATIOS DE ESCOLAS

Patios de socialización, aprendizaxe e xogo libre, mediante a renaturalización e enriquecemento das propostas de xogo nos espazos exteriores.

FORMACIÓN PARA DOCENTES E FAMILIAS

O noso obxectivo principal é dar ferramentas, coñecemento e propostas que poidan aliar á comunidade educativa a prol do cambio de mirada.

PROXECTOS PATIOS VIVOS

Adaptándonos ás necesidades de cada comunidade educativa, proporcionamos diferentes servizos que poden ser de interese para a redacción e/ou execución do proxecto de modificación do patio.

CATÁLOGO DE EQUIPAMENTOS DE XOGO

Mobiliario e elementos de xogo feitos en madeira, de xeito artesanal, que dan vida aos espazos de xogo.





ESPAZOS DE XOGO

Espazos de xogo libre facilitadores da curiosidade, calma e tranquilidade necesarias para fluír libres e sans.

XOGANDO MIUDIÑO

Espazo de xogo libre con brinquedos tradicionais.

ESPAZO TERRA

Espazo de xogo libre con material natural non estruturado.

VOA, VOA!

Espazo de xogo libre arredor da arte de voar.

A BRINCAR

Espazo de xogo libre con brinquedos tradicionais e creativos.





OBRADOIROS

Obradoiros para nenos, nenas, vellos, vellas e todos aqueles que queiran poñer ao alcance das súas mans a creación e experimentación a través de elementos naturais e refugallo e ferramenta real.

ARGALLANDO. OBRADOIRO DE CREACIÓN LIBRE

Obradoiro de liberdade absoluta para transformar, modificar e crear.

OBRADOIRO DE XOGUETES SONOROS

A diversidade de material natural e de refugallo permítenos construír verdadeiros instrumentos musicais.

OBRADOIRO DE APRENDICES DE NENOS E NENAS ORQUESTRA

Para aqueles nenos e nenas que queren ter a experiencia de crear e tocar varios instrumentos a un tempo.

OBRADOIRO DE TOCADORES DE FOLLA

Foi dos nosos vellos de quen aprendemos este singular xeito de facer música, agora tócanos a nós seguir o camiño andado para non perder semellante habilidade musical.





EDUCACIÓN AMBIENTAL

O decatarnos que só mediante o coñecemento da natureza poderemos chegar a vivir en harmonía.

CONTACONTOS

Queremos recuperar a tradición dos contadores de historias; aqueles que co emprego da palabra coma elemento poderoso son quen de potenciar unha escoita activa, curiosidade e abraio ante a fascinación e grandeza da natureza.

OBRADOIROS

Xa que non hai mellor aprendizaxe que a vivencial, a través dos obradoiros as nenas e nenos participantes, poderán levar a cabo cas súas mans actividades que nunca esquecerán.

PERCORRIDOS INTERPRETATIVOS

E para un día de excursión nada mellor que unha boa explicación! E así descubrir experimentando, xogando e desfrutando con todos os sentidos, os espazos naturais agochados ao noso arredor.

HORTA ESCOLAR

Deseño , execución, dinamización e/ou mantemento de apoio do espazo de horta ao longo do período lectivo.





EDITORIAL


Contos con encanto: O compartir dos contos e cantos que xorden na cooperativa



Libros-cd musicais de cé orquestra pantasma

FIOS DO QUERER

Agarimosas cancións para as crianzas de colo (a partir de 0 anos)



A VOAR

Un conto para soñar con música para brincar (a partir de 3 anos)



Colección Coñecer para amar

OS NOSOS BOSQUES

Libro cartoné de gran tamaño con ilustracións que nos amosan a riqueza de vida que agochan os bosques galegos.





XOGOS E XOGUETES

Dende o Obradoiro Miudiño, de xeito artesanal e natural, saen os xogos e xoguetes tradicionais e non estruturados que esperan acompañar ás crianzas e adultos nos seus momentos de xogo.



BONECAS E CABALIÑOS

Mitoloxía galega para xogar



VEHÍCULOS

Xoguetes para soñar



DESPRAZAMENTO E EQUILIBRIO

Xogos para avanzar



HABILIDADE E PUNTERÍA

Xogos para compartir



XOGOS DE MESA

Xogos para pensar



CONTACTO

contacto@miudinho.gal
miudinho.gal

